

BANDO

REAPERTURA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS AO AIRE LIBRE

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES;

FAI SABER

1.- De acordo co establecido na Orden SND/399/2020, do 9 de maio para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, capítulo XII, artigo 41, Apertura de instalacións deportivas ao aire libre, así como na resolución do Decreto de Alcaldía sobre a Transición á "Nova Normalidade" do 8/05/2020, o Concello de Outes procede á reapertura de tódalas pistas deportivas municipais ao aire libre da súa titularidade, que estarán a disposición da cidadanía a partir do sábado 16 de maio de 2020.

2.- O uso das instalacións non exime do cumprimento das medidas de seguridade e protección recollidas na citada orden Orden SND/399/2020, do 9 de maio.

3.- Para poder facer uso das instalacións, as persoas usuarias deben ter solicitado cita previa no teléfono 981.850.165. O teléfono estará operativo en horario de 9:00 a 10:00 e de 16:00 a 17:00 horas de luns a venres, podendo chamar a partir do venres 15 de maio de 2020 ás 9:00 horas.

4.- Tódalas pistas deportivas municipais ao aire libre estarán abertas tódolos días en horario continuado de 09:00 a 21:30 horas.

As pistas citadas a continuación pecharán os domingos por estar dentro dos límites dun complexo deportivo, o seu horario será de luns a sábado de 9:00 a 13:30 e de 16:30 a 21:00, tendo que solicitar o seu uso cunha antelación mínima de 24 horas:

(a) PISTA DE PADEL DO COMPLEXO MUNICIPAL DA PISCINA

(b) PISTA DEPORTIVA DO CAMPO MUNICIPAL DE OUTES

5.- O tempo máximo de reserva para a actividade será de noventa minutos (unha hora e trinta minutos). No caso das pistas que están dentro dos límites dun complexo deportivo citadas no anterior punto, non se poderán reservar as pistas para máis dunha sesión en cada chamada.

6.- Tal como recolle a Orde SND/399/2020, do 9 de maio, no seu artigo 41, punto 6, só se permite a practica deportiva individual ou aquelas prácticas que se podan desenvolver por un máximo de dúas persoas no caso de modalidades así practicadas, sempre sen contacto físico, mantendo as debidas medidas de seguridade e protección e, en todo caso, a distancia social de seguridade de dous metros.

O que se fai público para o seu xeral coñecemento.

Asdo.- o alcalde,

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax: 981850387

